11 F. Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

'O fenómeno Greta Thunberg'

14 de febreiro · Pontevedra

11,00 horas. Teatro Principal de Pontevedra. (Rúa de Paio Gómez Chariño, 6)

Encontro de **Joana Magalhães** *con estudantes.*
Orientado a 5º e 6º de EP e 1º e 2º de ESO. Prazas limitadas. Inscripción en: normalizacionlinguistica@pontevedra.eu ou alcaldia@pontevedra.gal

Científica e divulgadora. Bióloga portuguesa e doutora en Bioquímica e Bioloxía Molecular, actualmente é investigadora posdoutoral no Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) e profesora convidada na Universidade da Coruña. Tamén é representante nacional do Young Scientists Forum da Sociedade Europea de Biomateriais, membro da Xunta Directiva de Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT Nodo de Galicia) e da Associação Viver a Ciência.

20,00 horas. Casa das Campás. (Don Filiberto, 9)

Mesa Redonda: Muller e Ciencia (Aberta ao público)

Con:

Xana Álvarez Bermúdez: Doutora con Mención Internacional pola Universidade de Vigo (2015), Graduada en Enxeñería Forestal (UVigo, 2014), Máster en Tecnoloxía Ambiental (UVigo, 2011) e Enxeñeira Técnica Forestal (UVigo, 2009). Publicou máis de 10 artigos científicos, participado en congresos internacionais así como en máis de 20 proxectos de investigación, con entidades públicas e empresas privadas.

Rosana Malvar Pintos: Profesora e Investigadora do CSIC. Foi directora da Misión Biolóxica de Galicia. Xefa do Departamento de Xenética e Mellora Vexetal e do grupo Xenética e Mellora de Millo da MBG. Coordinadora da plataforma AGROFOR para a optimización dos sistemas agrarios e forestais.

Peregrina Quintela Estévez: Catedrática e investigadora de matemática aplicada galega, gañadora do Premio María Josefa Wonenburger Planells en 2016, concedido pola Xunta de Galicia. É directora do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI). Conta con máis de 50 artigos publicados en revistas de primeira orde e preto dunha trintena doutras publicacións, entre as que se contan varios artigos de divulgación.

Elena Vázquez Abal: Licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). En 1988 presenteou a súa Tese Doutoral "Armonicidade en Xeometría Diferencial" coa que obtivo o título de doutora coa cualificación de Apto cum Laude. Premio "USC Crea-USC Innova" 2009. Membro da Comisión de Mulleres e Matemáticas da Real Sociedade Matemática Española, desde a súa creación no 2003.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

GCiencia
xornalismo+divulgación